

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE MAIO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 28 de maio de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de maio de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. M^a Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D^a. María Isabel Cabeza Pereiro (asiste ao punto 4a)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste ao punto 4c)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 4b, 8 e 9)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 11 de maio de 2018**

Non se aproba por fala de quórum.

b) Acta da sesión do 15 de maio de 2018

Non se aproba por fala de quórum.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	86.929,32 €
2	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	79.075,92 €
3	COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y PROYECTOS, S.A.	74.100,40 €



	Licitador	Prezo
4	INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.	67.706,76 €
5	PREVINEM, S.L.	76.330,90 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Daniel Lorenzo Mirón, con DNI 44.835.763-T, en representación de PREVINEM, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	AXIOMA ANALISIS ESTADÍSTICOS, S.L.	55.243,59 €
2	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATEGICA, S.L.	60.112,80 €

A empresa AXIOMA ANALISIS ESTADÍSTICOS, S.L. non achega o orzamento detallado esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D^a. Leticia Pérez Domínguez, con DNI 53.179.264-K, en representación de I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATEGICA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles a AXIOMA ANALISIS ESTADÍSTICOS, S.L. para que achegue o orzamento detallado esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:34	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A346-C7DC3H-4B8757-AEMHYD-55SULL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe desconto instalación Tv, (€/Kw h)	Prezo custos fixos totais do contrato	Porcentaxe desconto instalacións solares
1	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	8,80%	30.976,00	90%
2	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.	14,32%	21.724,23	90%
3	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.	12,25%	32.087,47	90%

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Gabriel Novo López, con DNI 34.894.556-Z, en representación de OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.; e D. Francisco Pedreira Pereira, con DNI 44.818.130-P, en representación de VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o 24 de maio de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o 24 de maio de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación



(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:34	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A346-C7DC3H-4B8757-AEMHYD-55SULL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		